



## Concello da Pobra do Brollón

### CONCURSO CARTEIS XXXII FEIRA DO VIÑO DE VILACHÁ

O Concello da Pobra do Brollón convoca o 1º Concurso de Carteis da Feira do Viño de Vilachá co gaio de seleccionar o que será o cartel anunciador da XXXII Feira do Viño de Vilachá, que se celebrará os días 2, 3 e 4 de maio de 2025.

#### BASES

1.- O obxecto deste concurso será escoller o cartel oficial que anuncie a XXXII Feira do Viño de Vilachá. O premio pretende estimular a creatividade das persoas participantes sendo o cartel unha peza moi visible en todas as accións de comunicación que se realicen co gaio desta nova edición da Feira.

2.- Só se poderá presentar un cartel por autor ou autora, a técnica e o formato será libre, sempre que sexa apta para a súa reprodución mediante cuatricromía. O gañador entregará unha copia do cartel en formato dixital que permita o seu proceso informático.

3.- Poderá concorrer toda a poboación maior de 18 anos.

4.- Os deseños deberán reflectir a o espírito da Feira do Viño de Vilachá, e será obrigatorio a inclusión do seguinte:

- a) XXXII Feira do Viño de Vilachá
- b) Data de celebración: os días 2, 3 e 4 de maio de 2025
- c) Espazo para os logotipos do Concello e outras entidades colaboradoras, de ser necesario.

5.- O contido do cartel ha de ser creación propia, orixinal e inédito, sen que houbera sido premiado en ningún concurso anterior.

Non poderá facer alusión a ningunha marca comercial e de ningún xeito o contido do deseño poderá ser ofensivo. O Concello reservase o dereito a non admitir deseños que firan a sensibilidade das persoas, inciten a condutas violentas, discriminatorias ou contrarias a legalidade vixente.

6.- Os e as participantes son as únicas responsables de que non existan dereitos de terceiros nos deseños presentados, así como de toda reclamación que poida interporse por dereitos de imaxe ou análogos.

7.- A presentación dos traballos participantes farase na Casa do Concello dende o día seguinte a publicación destas bases e antes das 14:00h do día 3 de Marzo de 2025. Os deseños tamén poden ser remitidos por correo postal ao Concello da Pobra do Brollón, non se aceptarán as obras que leven cuño de correos con data posterior ao día 3 de Marzo de 2025.





## Concello da Pobra do Brollón

---

Os deseños deberán presentarse nun sobre pechado con pseudónimo, acompañado doutro sobre pechado con todos os datos persoais da persoa participante: nome completo, enderezo e teléfono de contacto.

8.- Establécese un único premio de 200€. O aboamento do premio será tramitado polo Concello, a través dunha transferencia bancaria, polo que o gañador deberá presentar un certificado bancario co número do conta do titular.

Non poderá realizarse o pagamento se o beneficiario non se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

9.- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que estará formado por persoas cualificadas, reservándose a facultade de declarar deserto o premio establecido. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

O xurado emitirá o seu fallo o día 10 de Marzo de 2025.

10.- O traballo premiado, quedará en poder do Concello da Pobra do Brollón. A propiedade intelectual do traballo gañador corresponderá ao autor ou autora.

A concesión do premio levará a cesión exclusiva e gratuíta en favor do Concello Da Pobra do Brollón de todos os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, medio ou formato, incluídos os audiovisuais, os informáticos, os multimedia e os telemáticos.

O Concello poderá exercer os seus dereitos libremente, sen limitacións de tipo temporal ou territorial, sen que en ningún caso sexa necesaria a autorización do autor ou autora, que non terá dereito a ningún tipo de remuneración, percepción, participación, compensación nin indemnización por razón de ese exercicio nin da cesión de dereitos.

11.- A participación no concurso de deseño de carteis festas patronais implica a autorización ó Concello da Pobra do Brollón de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos datos persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación do gañador, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Queda autorizado expresamente o Concello da Pobra do Brollón para divulgar o traballo gañador na forma e polos medios que considere máis oportunos e poderá exercer os seus dereitos sobre un fragmento ou parte do traballo, podendo adaptalo se fose necesario.

A participación no Concurso implica a total aceptación das presentes bases.

A Pobra do Brollón, na data de sinatura electrónica

O Alcalde,

José Luis Maceda Vilariño

